

CRÁTER

Textos de **OLGA NOVO**

Ilustracións de **PILAR CANCIO**

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 216 páx. 15 €

ISBN 978-84-16721-99-3. Poesía. Tambo. Faktoría K de Libros.

*O meu xenoma é una rede de estradas secundarias
que incomunican a montaña ao val.*

*O día que eu nacín non había ningún gran sinal
xeaba*

e a herba deixábase rumiando no estómago do frío.

Todo durmía o seu ser tranquilo.

Comparece en “Cráter”, de Olga Novo, o canto xeral das xentes que poboaban un mundo en extinción, nunha voz que chega desde o belvís da memoria facendo apoloxía dos traballos e os días da estirpe e a refutando o dano que lle causou á alma colectiva o abandono dos vellos vencellos coa terra; e di algunha vez a poeta: «Están os meus meus soños organizando o comité da noite».


Comparece aquí tamén a fera tenrura, ou a tenra fereza, da unión libre no entusiasmo carnal, ese bum-bum, bum-bum da lava en corpos que se dan pracer ata o infinito. E di, outra vez: «Quero desatar e ser desatada». Por iso, os poemas non son aquí formas pechadas, senón suxestións caudalosas discorrendo coa liberdade imprevisible dun corazón que se expresa de fóra cara a dentro.

“Cráter” é, xa que logo, a asistencia ao laio polos rescaldos dun lume tribal e, asemade, á celebración das emanacións ingobernables das lapas da vida. E chega na voz dunha deusa campesiña con xurisdición no territorio bañado polo río Saa. E proclama: «Vilarmao, sempre!».



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** nova edición, revisada e ampliada cun poema inédito. Outros títulos da colección *Tambo*: «[Os ángulos da brasa](#)» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «[Onde nunca é mañá](#)», «[Rigorosamente humano](#)» e «[Clave de bóveda](#)» de Manuel Álvarez Torneiro; «[Alén da fronteira. Sete poetas vascos](#)» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «[Triptico](#)» de Antoni Marí; «[Espirale de sombras](#)» de Xavier Seoane; «[Estrela do norte](#)» e «[As sílabas do mundo](#)», de Luís Rei Núñez; «[Tempo de exilio](#)» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «[Diario de Crosses Green](#)» e «[A ganancia e a perda](#)» de Martín Veiga; «[Tempo transfigurado](#)» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «[Cervatos](#)» de Lucía Novas; «[Feliz idade](#)» de Olga Novo (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/crater-g>

Olga Novo

(A Pobra do Brollón, 1975)

Poeta, filóloga e profesora de Ensino Secundario, exerceu a docencia nas Universidades de Rennes e de Lorient, na Alta e na Baixa Bretaña. Ademais de moitas colaboracións en revistas e mais en antoloxías, publicou os libros «A teta sobre o sol» (1996), «Nós nus» (1997, Premio Losada Diéguez), «A cousa vermella» (2004), «Cráter» (2011, Premio da Crítica) e «Feliz Idade» (2019, Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020 e Premio Gala do Libro Galego). Como ensaísta é autora, entre outros, dos volumes «O lume vital de Claudio Rodríguez Fer» (1999, 2008) e «Uxío Novoneyra. Lingua loaira» (2005, Premio de Investigación Ánxel Fole).